

Eusebia Durán Lusquiños

(A SECA, 1892-1971)

O alcume de Lisboanos, que acompañou sempre a familia de Eusebia Durán Lusquiños, procede do seu sogro, Juan Tilve Costado. O primeiro Lisboano nacera na Seca en 1850 pero sendo apenas un rapaz “ante a situación crónica de guerra que atravesaba España tanto na península como en ultramar, e para evitar unha máis que probable e obrigatoria mobilización militar”, emigrou a Lisboa. Son datos recollidos por Ángeles Tilve Jar, neta de Eusebia, nun relato familiar da súa autoría.

En Lisboa, o sogro de Eusebia traballaría nunha das casas aristocráticas máis importantes, a de Palmela, regresando en boa posición á súa casa pontevedresa arredor de 1880. Alí casa con Benita Tilve, unha rapaza criada nunha finca próxima á súa que máis tarde será adquirida por Casimiro Gómez. Gómez, que tamén fora emigrante de mozo, forxa con Tilve unha amizade tal que o Lisboano lle chega a ceder de xeito desinteresado unha parte das súas terras para que Gómez poida construír a avenida de Bos Aires na marxe do Lérez, segundo explica Ángeles Tilve Jar, “para dar acceso á súa fabulosa Villa Buenos Aires”.

Esa avenida será tras o golpe de Estado tristemente célebre por acoller os fusilamentos levados a cabo polos golpistas contra as persoas condenadas a morte por defender a legalidade republicana. E na finca contigua vivían daquela Euse-



bia e o seu home, Juan Tilve Tilve, o menor dos fillos do Lisboaano e Benita Tilve Villaverde. Daqueles tempos de terror garda lembranzas Rosario, que daquela tiña nove anos e é unha das doce criaturas que lle sobreviviron a Eusebia, das dezaseis que tivo:

“Desde casa escoitabamos os disparos e aquela estrada sempre estaba manchada de sangue. Levábanos naqueles camións, matábanos, e logo celebrábanos... Lembro ver os cívicos coas escopetas desde as ventás da casa”.

Rosario Tilve, filla de Eusebia Durán

Era o tempo dos agochos, e a finca dos Lisboaanos un lugar moi acaido para intentar enganar as cuadrillas de cívicos, gardas civís e falanxistas que saían á caza do home:

“Era unha finca moi grande que daba ao *malecón*, cunha viña enorme e un eucaliptal con árbores que non eras quen de abrazar. Viña a xente paseando polo *malecón* e cando chegaban arriba atopábanos a todos comendo, os meus pais, os doce fillos... e pedían perdón porque non sabían que fora unha propiedade privada. O meu pai levantábase da mesa e abríaalles o portalón para que puideran saír á Seca. Era unha finca enorme”.

Pilar Tilve, filla de Eusebia Durán

As irmás Tilve Durán non descartan que houbera fuxidos que aproveitaran as súas viñas e árbores para ocultarse pero non teñen constancia de que os seus pais lles prestaran axuda. Mais os cívicos así o sospeitaron e unha tarde, logo do golpe, presentáronse na casa e leváronos detidos. Primeiro a Eusebia, que estaba dándolle de mamar á pequena das fillas, Pilar, nacida ese mesmo ano. Logo a Juan cando volvía do seu traballo como albanel:

“Os cívicos chegaron coas escopetas colgadas, rodearon toda a horta, o *malecón* e todo, e leváronos a casa. Rexistrárona toda, colchóns e todo, buscando fuxidos. Había froita nas árbores e trasteáronas e tiraron con toda. E logo a coller e a tirar a froita...”.

Rosario Tilve, filla de Eusebia Durán

Eran unha cuadrilla capitaneada polo infame Víctor Lis que, segundo conta a neta, chegou a apuntar a Eusebia na cabeza cunha pistola. Unha imaxe que o fillo desta, Rafael Tilve Durán, xa falecido, lembraría para sempre con horror:

“O meu pai, que era un home que se levaba ben con todo o mundo, odiaba a Víctor Lis desde aquel día que o viu apuntar á súa nai á cabeza cunha pistola. Sempre o lembraba”.

Ángeles Tilve Jar, neta de Eusebia Durán



Tampouco Vita Tilve Durán, que daquela tiña once anos, puido esquecer o medo que pasaron co rexistro da súa casa e a detención da súa nai:

“Mamá estáballe dando o peito a Pilita, arrancáronlle a nena do colo e levárona. Carmen, que era modista, estaba probándolle un vestido a Tilde cando entraron na casa... Levaron a mamá e quedamos todas chorando. A miña irmá Carmen, que daquela tiña vinte anos e era a maior, Tilde, todas nós...”.

Vita Tilve, filla de Eusebia Durán

A neta de Eusebia tamén recolleu ese intre no relato familiar que redactou como agasallo no oitenta e nove aniversario da súa tía Vita: “Neses críticos momentos prodúcese unha denuncia na que se acusa o matrimonio de dar acubillo durante a noite a significados fuxidos republicanos, entre outros o concelleiro socialista e alcalde¹ da Fronte Popular, Manuel García Filgueira (...). O matrimonio, interrogado polo terrible garda cívico Víctor Lis Quibén, permanecerá detido durante varios días”.

A Juan Tilve aprésano cando regresaba á casa do traballo e lévano ao cuartel da Feira onde tamén estaba Eusebia pero, segundo as súas fillas, non sabían o un do outro. Ademais, precintáronlles o negocio familiar, unha taberna con ultramarinos, alegando que alí se escoitaba a radio republicana. O negocio fora aberto polo primeiro Lisboano, o sogro de Eusebia, ao chegar da emigración, pois naquel tempo estilábanse moito ese tipo de tendas mixtas. Pero a barbarie pechouna e o matrimonio Tilve Durán xamais a volvería abrir. As súas fillas cren que a prosperidade do negocio foi unha das cousas que provocou a envexa do veciño delator:

“Pasados os anos, papá contounos a todos que ese home estivera a punto de deixar a doce fillos sen pai... ‘e eu inocente!’. Papá acusou a ese tal Faustino de telo delatado, penso que por envexas da taberna de papá.”

Rosario Tilve, filla de Eusebia Durán

Os cívicos pecharon a tenda, desmantelaron a casa e levaron detidos a Eusebia e a Juan. As criaturas quedaron chorando e o seu pranto, segundo contan as máis pequenas oitenta anos despois, foi escoitado por outra veciña, Flora, que estaba casada co médico Bernardino Fondevila, destacado membro da Falange. Mais neste caso, como coñecía os Lisboanos, accedeu ao rogo da súa muller de que mirara por Eusebia:

1 O alcalde electo nas municipais de febrero de 1936 foi Bibiano Fernández Osorio Tafall, membro de Izquierda Republicana. Mais, tras o seu nomeamento como subsecretario de Organización do goberno republicano, marcha para Madrid e o socialista Manuel García Filgueira, ata entón primeiro tenente alcalde, asume o liderado do goberno municipal. Tras o golpe fuxe e permanece agochado ata 1949, ano en que se entrega ás autoridades. Foi condenado a doce anos, logo reducidos a dous para posteriormente ser indultado.



“Cando Fondevila chegou á casa, dona Flora contoulle que levaran a mamá e el foi ao cuartel e díxolles: Pero como tendes esta muller aquí? Inmediatamente esta muller para casa, que ten doce fillos e non pode estar aquí”.

Pilar Tilve, filla de Eusebia Durán

Tanto Eusebia como o seu home quedaron libres axiña, tras ser interrogados no cuartel sobre uns fuxidos aos que as súas fillas non teñen constancia de que axudaran. O que si saben é que os cívicos tiñan especial interese en atopar o fuxido Juan Sobral. Desgraciadamente acabarían lográndoo e Juan Sobral, casado e pai de cinco criaturas, sería asasinado o 11 de outubro de 1936.

A familia non descarta que na detención de Eusebia puidera ter influído tamén o feito de que o maior dos seus irmáns varóns, o canteiro Isidoro Durán, estivese fundamentalmente vinculado coa esquerda. Conta Ángeles Tilve Jar no seu texto que Isidoro formou parte da Agrupación Socialista local de Pontevedra desde 1909, ocupando cargos orgánicos. En 1914 era ademais vicepresidente da Sociedade de Canteiros e vogal da Agraria de Mourente, que precisamente lideraba o seu parente Manuel García Filgueira.

Isidoro Durán non foi perseguido pero a Guerra Civil custoulle a vida a un dos seus fillos, morto na fronte. Tamén perdeu a seu outro fillo varón, que inxeriu accidentalmente lixivia sendo aínda un neno.

Tamén perdeu os seus fillos na guerra, unha das irmás de Eusebia, Herminia, casada cun garda civil, Benigno Canto, que se atopaba no cuartel no momento en que levaron presa a súa cuñada.

No seu relato familiar, Ángeles Tilve conta que mentres que os tres irmáns varóns de Eusebia foran educados para continuar co negocio familiar da construción, as fillas axudaban nas tarefas do fogar e aprendían costura e corte e confección. Así o fixeron tanto Herminia como a outra irmá de Eusebia, Carmen, mais non ela pois unha grave doenza ocular impediulle asistir ás clases de costura. Tampouco as súas fillas estudaron. Recoñecen que ao seu pai nin se lle pasou pola cabeza que fixeran algo máis que aprender de Eusebia as tarefas do fogar. “E ao meu home tampouco lle gustaba que eu traballase fóra da casa”, coinciden Pilar e Rosario. Aínda máis, Juan Tilve rexeitou que ningún dos seus fillos maiores fixesen estudos superiores:

“Os nosos veciños, os de Alén, que eran profesores, dixeron que Juan valía para estudar, pero o meu pai non quixo. Díxolles: ‘A metade dos meus fillos van servir para estudar pero o resto non, e eu non quero diferenzas entre eles’. Así que non estudou ningún”.

Pilar Tilve, filla de Eusebia Durán



Foi a única carencia que tivo a descendencia de Eusebia e Juan pois nin nos peores tempos da posguerra souberon nesa casa o que era pasar fame.

“Nós fame non pasamos porque había pan, había animais, había leite... Eu ía coa cartilla de racionamento a *La Tacita*, que era un ultramarinos que había daquela onde agora está a panadería de Abilleira. Mamá mandábame traer unha folla de bacallau, metíao no pozo para desalgar e ao momento xa facía unha empanada. Era moi boa cocifeira”

Rosario Tilve, filla de Eusebia Durán

Era unha empanada para catorce bocas que non pasaba desapercibida na Seca do tempo da fame:

“Xunto á estación había un sindicato onde se mercaban patacas, fariña... e o meu pai mercaba sacos de cen quilos de fariña de trigo que logo amasabamos para levar ao forno de Secundino, que só cocía os domingos. As empanadas máis grandes eran as nosas, de trigo ou de millo con choquiños ou xoubiña. No barrio víanos pasar e dicían ‘Ai vai a Lisboa!’ Moita xente non o podía facer... Pero nós a verdade é que nunca pasamos fame. Matabas un polo ou tiñas leite, ou tiñas ovos... Ata tiñamos bocois de augardente e sidra da casa”.

Rosario Tilve, filla de Eusebia Durán

Non lles faltaba nin o prezado aceite, tan escaso no tempo da posguerra:

“O meu irmán Juan foi á guerra pola Marina, nun submarino, e cando rematou, despois de case dous anos baixo o mar, rodeado de bombardeos, o capitán díxolle que quería de agasallo e el pediu un bocoi de aceite de oliva. Tiñamos aceite por barril cando outra xente non tiña nin gota e denunciáronnos porque había racionamento. Pero cando viñeron agochamos o bocoi e dixemos que non era certo. E logo cando se acabou aquel bocoi tiñamos os barrís de aceite de oliva de *La Giralda*”.

Pilar Tilve, filla de Eusebia Durán

Era tan prezada a comida da casa dos Lisboanos que unha vez mesmo lles roubaron o cordeiro que estaban preparando para a festividade de Santa Margarita:

“O día de Santa Margarita, mamá sempre facía cordeiro ao forno pero dunha volta roubáronllo. Cando foi abrir o forno xa non atopou o carneiro. Ademais tiña o costume de coller unhas peras -que lle chamabamos de *campana* porque eran moi grandes- e poñelas no forno xunto ao cordeiro nunha tarteiriña de barro con viño branco e azucre... Pois leváronllo todo. Nin carneiro nin peras deixaron”.

Rosario Tilve, filla de Eusebia Durán

Coinciden as tres fillas de Eusebia en recalcar o moito que tanto ela como Juan axudaron a outras familias da Seca no tempo da fame:



“Viña a xente: señora Eusebia, e non me dará un pocilloño de aceite? E ela dáballo. Se algo necesitaban, á casa dos Lisboaños! Papá sempre dicía que tiñamos que axudar porque nós tiñamos de todo e outros estaban a pasalo moi mal”.

Rosario Tilve, filla de Eusebia Durán

Elas eran conscientes desde nenas de que eran unhas privilexiadas e Rosario mesmo lle sacou proveito:

“Mira a fame que había, que houbo nenas da Seca que para que lles dera un cacho de pan de millo facíanme os deberes unha semana. Ti mira! lamos á escola de doña Pepita, xunto á fonte, e as nenas facíanme os deberes por un cacho de pan. Había moita fame pero nós non pasamos porque había pan, animais, leite...”.

Rosario Tilve, filla de Eusebia Durán

“E para facer unha pesetiña, chegaba o tempo da froita e vendiamos froita”.

Pilar Tilve, filla de Eusebia Durán

Non tiñan necesidade e por iso o seu pai negábase a venderlle a Tafisa parte das súas propiedades. A empresa, que comezou en 1958 a súa produción de taboleiros na marxe do Lérez, pechou acordos cos propietarios de todas as fincas anexas antes de iniciar a negociación con Juan Tilve.

“Sabían que o meu pai non vendía por nada do mundo, porque era unha finca que viña de atrás, do bisavó. Contaban que cando a mercara aínda non había billetes e chegara cargado de moedas de prata e ouro... Pasou de xeración en xeración ata o meu pai e el non quería vendela porque non tiña necesidade. Dicía que se fora outra finca pero esa, que era a casa matriz...”.

Pilar Tilve, filla de Eusebia Durán

Non obstante, contan as fillas, non lle quedou máis remedio que facelo:

“Venderon o resto dos veciños primeiro e xa a última hora o meu pai tivo que aceptar. Ata chorou. Porque era a casa da súa familia. El loitou moito. Colleu un avogado moi bo, don Bernardo Santiso, que tiña o despacho en Benito Corbal, pero o avogado díxolle que como todos venderan, que igualmente lla ían expropiar: ‘É mellor que pidas forte pero que vendas’. Expropiábanlla se non a vendía, así que o meu pai tivo que aceptar”.

Pilar Tilve, filla de Eusebia Durán

Juan Tilve vendeu parte daquelas propiedades mais iso non impediu que parte da súa familia siga, hoxe en día, asentada na Seca.